PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe San Vicenzo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe San Vicenzo está situado na localidade de Vimianzo, capital do concello do mesmo nome, na comarca de Soneira (A Coruña). Os datos principais do centro son:

- Denominación*: CEIP Plurilingüe San Vicenzo*
- Titularidade: Pública
- Código do Centro: 15019372.
- CIF: Q6555030C
- Enderezo: Rúa do Candil 19 – C/P 15129 – Vimianzo , A Coruña
- Teléfono / Fax: 881 866 532
- Correo electrónico: ceip.sanvicenzo@edu.xunta.es

O CEIP Plurilingüe San Vicente de Vimianzo imparte ensinanza de **segundo ciclo de Educación Infantil e de Educación Primaria**. É un colexio de línea 1, coa excepción daqueles cursos onde a rátio supera 28 alumnos/as, onde se dividen en 2 cursos. Todos os estudos son de **réxime público.**

O total do profesorado por catálogo é de 19 profesores no curso actual, tendo en conta que contamos con unha mestra de Relixión Católica con destino no centro, que forma parte persoal docente con contrato de persoal laboral.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Situación socioeconómica e cultural

Análise do Sector Primario.

Vimianzo toca o mar en dous puntos, un entre Laxe e Camariñas, e outro entre Camariñas e Muxía, pero a actividade pesqueira e case inexistente neste municipio. Sen embargo, gozan de importancia os terreos forestais e os dedicados a pasto e está amplamente implantada en todo o municipio a gandería de vacún.

O terreo forestal, que ocupa uns dous terzos do territorio, produce madeira principalmente de eucalipto e pino, sendo a explicación do asentamento de varios serradoiros.
En canto á minería, destaca a explotación de caolín en Castrelo.

Análise do Sector Secundario

É destacable a produción de enerxía eléctrica. As augas do río Grande abastecen as centrais de O Foxo, Gayoso e Carantoña. Existe tamén unha central de enerxía termoeléctrica e un parque de xeradores eólicos inaugurado en 2002.Podemos comprobar tamén o elevado número de licencias no apartado da construción e unha de fabricación de artigos de pel. A artesanía do encaixe está tamén fortemente arraigada no municipio.

Análise do Sector Terciario

A vocación comercial de Vimianzo constátase no elevado número de licencias no apartado de comercio. O número de establecementos está en proceso de crecemento. En canto á hostalería, hai na capital do municipio varios hostais e destaca a restauración, sendo Vimianzo un lugar de referencia na zona.

Necesidades educativas en función do contorno escolar

Como colexio público, o noso obxectivo principal debe ser tratar de **compensar as carencias provocadas pola situación lingüística e cultural**, así como as provocadas polas diferenzas entre as **situacións sociais das distintas familias**.

A **situación lingüística**, nos casos de **fillos de emigrantes retornados e inmigrantes** que chegan á escola procedentes de contornos sociolingüísticos e sistemas educativos moi diferentes, leva a necesidade dun **proceso de adaptación e dun apoio adecuado** á súa situación, tal como se reflexa no Plan de Acollida do Centro.

Ademais obsérvase, coma no resto de poboacións rurais de Galiza, unha situación de conflito lingüístico entre o galego e o castelán, aínda que cada vez se constata unha **normalización maior do galego**, tanto na fala como na escrita. Para a mellora deste aspecto incluíse neste PE o Proxecto Lingüístico do Centro.

Considérase ademais importante potenciar o **coñecemento e valoración positiva do contorno máis próximo**.

O centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares co fin de incentivar e impulsar o desenvolvemento de proxectos de biblioteca escolar. Este plan estará relacionado co Plan Dixital, xa que no eido da biblioteca queremos aproveitar os recursos tecnolóxicos para a realización de proxectos interdisciplinares.

A nosa traxectoria no ámbito da novas tecnoloxías é practicamente nula, xa que actualmente non contamos cun acceso a internet de calidade e non contamos con dispositivos electrónicos suficientes para mellorar neste ámbito.

Ese é un dos nosos obxectivos a lograr con este Plan Dixital.

Este curso participamos no Programa EduSaúde incluídos nos Contratos Programa CP Innova, regulados pola Resolución do 11 de xuño de 2021.

Na Programación Xeral Anual deste curso 2021/2022 recollemos que estamos no PFPP do Plan Dixital co obxectivo de mellorar neste ámbito e de elaborar unha estratexia dixital.

1.3 Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste Plan Dixital teremos en conta a seguinte lexislación, a cal nos foi moi útil para a elaboración do presente documento:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan Dixital seguimos un proceso aberto, longo guiado en todo o momento polo equipo ADIX.

No mes de outubro formamos o equipo do Plan Dixital, formado por:

- Ana García Torralba (directora)
- Mª José Villaverde (xefa de estudios)
- Alba Vieites Lestón (coordinadora)

Posteriormente realizamos algunha formación dende a aula virtual creada polo equipo ADIX.

Nel informousenos da aplicación SELFIE para avaliar a realidade dixital do noso centro.

Posteriormente todo o profesorado do centro realizou o test de Competencia Dixital Docente, para ter unha visión realista do punto de partida de cada membro do claustro.

Unha vez realizadas as avaliacións anteriores asistimos a unha formación virtual relacionada co informe DAFO. Unha vez realizada esta formación comezamos a redactar o noso informe DAFO onde analizabamos as debilidades, ameazas, oportunidades e fortalezas, internas e externas ao centro, para poder valorar cales son os obxectivos prioritarios neste plan Dixital

Por último elaboramos os obxectivos do plan de acción que están incluídos neste Plan Dixital.

2 Situación de partida

2.3 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Neste apartado procederei a comentar a infraestructura dixital do noso centro, o equipamento e os servizos dixitais:

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: No noso centro a conexión WIFI é moi pobre, xa que para conectarse nun ordenador debemos modificar as direccións IPS do ordenador, polo que precisamos dun técnico para poder realizar estas conexións. Solicitamos a conexión wifi eduxunta.es pero aínda non se instalou e iso fai que teñamos dificultades para conectarnos a internet.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: En relación ao equipamento. Contamos con 21 dispositivos con acceso a internet (algúns deles mercados polo centro). Estes ordenadores están repartidos polas aulas, de forma de que en cada aula haxa polo menos un ordenador para usar polo profesorado e poder conectalo ao proxector.

Na biblioteca hai tres ordenadores (actualmente só funcionan dous ordenadores).

Non estamos inscritos no proxecto E-Dixgal.

Na sala de profesores hai tres ordenadores conectados a internet que funcionan correctamente, ao igual que en dirección que hai un ordenador para cada membro do equipo directivo.

Non contamos con aula de informática.

Debido a esta falta de recursos non podemos realizar os proxectos interdisciplinares nin as tarefas desexadas co alumnado, xa que non hai ordenadores dispoñibles para o alumnado.

- Servizos dixitais educativos: No noso centro actualmente empregamos a páxina web para informar a comunidade educativa de diferentes información e das actividades que se realizan no centro. Tamén empregamos Abalarmóbil para comunicarnos coas familias, xustificar faltas ou solicitar citas de titoría.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: O mantemento do equipamento do centro está sendo realizado por unha empresa externa ao centro.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: A principios de curso informamos á comunidade educativa a través do Plan de continxencia da posibilidade de ensino mixto ou ensino virtual en casos de confinamento ou naqueles casos que se precisen.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para o análise DAFO empregamos a autoavalación SELFIE e o test CDD. A continuación detállanse os datos destas avaliacións:

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	3,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	3,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	2,3				

	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	3,8				

Test CDD: Nas táboas que se amosan a continuación recóllense datos relacionados co persoal docente participante e as puntuacións obtidas.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	9	100,00%
PROVISIONAL	4	6	66,70%
INTERINO	1	1	100,00%
SUBSTITUTO	7	8	87,50%
DESPRAZADO	4	4	100,00%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	52,7	Explorador/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	70,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	14	56,00%
B1	6	24,00%
B2	1	4,00%
C1	3	12,00%
C2	1	4,00%
TOTAL	25	100,00%

Para a realización do análise DAFO tivemos en conta as postas en comúns de compañeiros/as nas reunións realizadas, en relación ás necesidades do centro.

2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos. 2. C16. No noso centro contamos con repositorios en liña que conteñen materiais de ensino aprendizaxe.	1. C10. Dende o centro non contamos con dispositivos propiedade d
	PERSOAL DOCENTE	1. G1. Empregamos as TICs para avaliar as competencias do alumnado 2. A3. Apoiamos ao profesorado a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais. 3. D3. Axudamos ao noso profesorado a intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais 4. B2. No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais. 5. E4. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo 6. F 3. Algún mestre utiliza actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado . 7. F4. Os nosos profesores realizan actividades de aprendizaxe dixital que motiven o alumnado 8. G10. O noso profesorado valora as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo 9. D1. Comentamos cos nosos profesores sobre as súas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais 10. D2. O noso profesorado ten acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxecoas tecnoloxías dixitais 11. O persoal docente amosa interese e disposición nas actividades que se propoñen no centro	1. B1. No noso centro ninguén avalía o noso progreso de ensino coas tic. 2. E3. Ao non ter recursos empregamos poucas veces os ambientes virtuais de aprendizaxe. 3. F1. Non nos adaptamos ás necesidades do alumnado como nos gustaría ao non ter recursos para poder facelo. 4. F6. Non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares xa que non temos recursos para realizar ditos proxectos. 5. G3. Non empregamos tecnoloxía dixital para proporcionar unha retroalimentación aos estudantes. 6. G5. No noso centro non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe 7. A4. No noso centro o profesorado conta con tempo para mellorar o método de ensino.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1.H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet 2. H3. No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet 3. H4. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.	1.C8. No noso centro hai moi poucos dispositivos dixitais que o alumnado pode usar cando precise. 2. G6. Non empregamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros 3. H6. Non empregamos as ferramentas TIC para dar recoñecemento ao traballo dos demais. 4. H7. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais xa que non contamos co material necesario para facelo. 5. H8. No noso centro o alumnado non pode aprender a comunicarse mediante as TICs xa que non contamos cos medios necesarios.
	FAMILIAS	1.Dende o centro empregamos as TICs para amosar ás familias as actividades que se realizan no centro.	
	OFERTA		

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. A3. Apoiamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais 2. C11. No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico 3. C16. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.	1. A1. No noso centro non contamos cunha estratexia dixital (2.1) 2.A2. Desenvolvemento da estratexia do profesorado (2,5). (Porque non temos os medios suficientes para levar a cabo a estratexia) 3. B4. Sinerxias para a aprendizaxe mixta. No noso centro non colaboramos con outros centros para mellorar a estratexia dixital. 4. G8. Non facilitamos aos estudantes o uso das tecnoloxías para documentar a súa aprendizaxe, xa que non temos os medios necesarios.

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**		1. C1. No noso centro a infraestrutura dixital é nula, polo que non apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais 2. C2. No noso centro non existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia 3. C3. O noso centro ten un acceso a internet de moi mala calidade, que non chega a todos os dispositivos. 4. C4. A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais 5. C8. No noso centro hai poucos dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise 6. C14. No noso centro, contamos con espazos físicos que faciliten o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais pero non contamos con recursos dixitais e acceso a internet para aproveitar este espazo. 7. O profesorado non ten o tempo suficiente para explorar e formarse sobre aprendizaxe dixital.
	LEXISLACIÓN		**1.** A5. No noso centro non respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe
	CONTORNA		**1**. C12. Na nosa escola non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		1. A6. No noso centro os organismos cos que colaboramos non participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro, porque non a temos. 2. B3. No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións 3. B4. No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

3 Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción tivemos en conta o Análise DAFO mencionado no apartado anterior.

Como se pode ver a continuación os obxectivos son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un espazo temporal determinado, para intentar lograr os obxectivos da forma máis realista posible.

Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Nas táboas que se amosan a continuación aparece detallado:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinación das accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporalización e os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para poder executar con éxito este Plan Dixital precisamos mellorar as nosas infraestruturas tecnolóxicos e equipamento.

- 50 ordenadores. Consideramos este número o necesario para traballar co alumnado e formalos na competencia dixital necesaria e regulada no RD 157/2022.
- Carro con tablets ou ordenadores portatiles, para a disposición das aulas que o precisen.
- 2 aulas dixitalizadas con cañon, EDI, cámara, impresora... para poder realizar proxectos interdisciplinares.

- Conexión WiFi necesaria para poder empregar todos os recursos mencionados anteriormente.

"Área/s de mellora": A. Liderazgo						
1. OBXECTIVO (1):	Elaborar unha estratexia dixital realista (A1. Estratexia dixital)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo do Plan Dixital e Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Un plan cunha estratexia dixital coherente e realista					
Valor de partida (3)	Non hai plan dixital					
Valor previsto e data (4)	Elaboración dun plan dixital			7 de abril 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Definir roles para levar a cabo o Plan Dixital	Xefatura de estudos	30 setembro 2022	Convocatoria reunión Claustro Espazo físico para realizar a reunión		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.2:Escoller un programa de innovación relacionado co Plan Dixital	Equipo Plan Dixital	22 decembro 2022	Ordenador		Realizada Aprazada Pendente	
A01.3:Levar a cabo o programa de innovación por parte de toda a comunidade educativa	Xefatura de estudos	7 de abril de 2023	Claustro Ordenadores Plan Dixital		Realizada Aprazada Pendente	

"Área/s de mellora": E. Pedagoxía: apoios e recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso da aula virtual por parte do profesorado e alumnado (E3. Empleo de Entornos Virtuais de Aprendizaxe)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de cursos de 2º e 3º ciclo de EP que empregan a aula virtual					
Valor de partida (3)	Só 3 cursos de 2º e 3º ciclo empregan a aula virtual de forma continuada.					
Valor previsto e data (4)	7 cursos de 2º e 3º ciclo de EP empreguen a aula virtual como recurso complementario no proceso de ensinanza aprendizaxe.			22 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Habilitar a aula virtual dos diferentes cursos	Xefatura de estudos	30 setembro de 2022	Acceso a internet Dispositivos Titorías Soporte da Xunta		Realizada Aprazada Pendente	
AO2.2:Distribuir información básica sobre o funcionamento da aula virtual aos docentes	Equipo TIC	30 setembro de 2022	Documento coa información Reunión informativa Claustro		Realizada Aprazada Pendente	
A02.3:Proporcionar información ás familias e o alumnado sobre o funcionamento da aula virtual	Titorías	30 setembro 2022	Abalar Reunións iniciais Familias		Realizada Aprazada Pendente	

AO2.4 Empregar metodoloxías nas que se empregue a aula virtual como método de entrega e visualización de tarefas e contidos.	Titorías	22 de xuño de 2023	Claustro Dispositivos		Realizada Aprazada Pendente	

"Área/s de mellora": F. Pedagoxía: implementación na aula			
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do alumnado (F5. Colaboración do alumnado)	Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O alumnado de primaria adquira unha competencia dixital acorde a súa idade.		
Valor de partida (3)	10% do alumnado de primaria ten boa competencia dixital		
Valor previsto e data (4)	60% alumnado de primaria adquira unha competencia dixital	22 de xuño de 2024	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A3.1:Dispor de dispositivos suficientes para realizar formación co alumnado	Dirección	21 de decembro de 2022	Ordenadores, tabletas e conexión WIFI Administración Educativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Organizar a utilización dos recursos concedidos(horarios de uso, distribución dos recursos por aula)	Xefatura de estudos	20 de febrero de 2023	Cadros horarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3:Elaborar recursos dixitais como produto final da participación en proxectos interdisciplinares por parte do alumnado.	Equipos de coordinación docente	22 de xuño de 2024	Programación docente, ordenadores, tabletas e conexión WIFI.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B.Colaboración e redes					
4. OBXECTIVO (1):	Mellorar a utilización das TIC por parte do profesorado. (B2. Debate sobre o uso das tecnoloxías)			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado co B1 ou superior no test CDD				
Valor de partida (3)	44% do profesorado cun B1 ou superior				
Valor previsto e data (4)	O 100% do profesorado obteña o nivel B1 ou superior.		19 de xuño do 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO4.1: Reunión entre o equipo directivo e equipo TIC para solicitar liña de PFPP acorde co obxectivo	Equipo TIC	18 de decembro de 2022	Convocatoria de reunión Lugar da reunión Equipo directivo		Realizada Aprazada Pendente
AO4.2: Propor formación entre iguais para realizar nas horas de non permanencia do centro	Equipo TIC	18 de xuño de 2023	Convocatoria de reunión Equipo docente		Realizada Aprazada Pendente
AO4.3: Realizar a formación proposta para poder mellorar o nivel	Equipo TIC	18 de maio de 2023	Test Táboa de rexistro		Realizada Aprazada Pendente
AO4.3: Realizar o test CDD por	Equipo TIC	7 de xuño de 2024	Aplicación test CDD		Realizada

parte do profesorado			Dispositivos con conexión a internet		Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
A04.4: Realizar a formación proposta para poder mellorar o nivel	Equipo TIC	19 de xuño de 2024	Test Táboa de rexistro		Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F. Pedagoxía: implementación na aula						
5. OBXECTIVO (1):	Participar no programa Polos Creativos (F3. Fomento da creatividade)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Formar parte dos polos creativos e crear experiencias tecnolóxicas					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Crear diferentes espacios tecnolóxicos no centro para levar a cabo experiencias innovadoras a partir dos recursos proporcinados no programa Polos creativos			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1:Elaboración do programa Polos creativo, para presentar ao claustro e ao consello escolar	Equipo TIC	20 de xuño 2022	Acta convocatoria Claustro Consello Escolar		Realizada Aprazada Pendente	
AO5.2: Concesión do programa e distribución dos recursos	Dirección	30 de outubro de 2022	Administración Educativa AMTEGA		Realizada Aprazada Pendente	
A05.3:Execución do programa	Equipo TIC / Dirección	20 de Xuño 2023	Dispositivos, acceso á WIFI, cámaras, micrófonos.		Realizada Aprazada Pendente	

"Área/s de mellora": E- Pedagoxía: Apoios e recursos (E2)					
6. OBXECTIVO (1):	E2: Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				Acadado
RESPONSABLE:	Dirección do centro / Xefatura de Estudos				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)	Número de recursos dixitais creados polo profesorado				
Valor de partida (3)	0 recursos dixitais creados por docente				
Valor previsto e data (4)	6 recursos dixitais creados por docente			19 de xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (1
A6.1:Solicitude e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.	Equipo Directivo	10 de decembro de 2022	Solicitude Conexión á internetOrdenador/-es Asesoría CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFPP		Realizada Aprazada Pendente
AO6.2:Creación derecursos dixitais adaptados ao currículo de EII e EP	Profesorado	10 de xuño de 2023	Conexión á internet Ordenador/-es		Realizada Aprazada Pendente
A06.3: Subida á aula virtual de recursos dixitais adaptados creados polo profesorado.	Profesorado	10 de xuño de 2023	Conexión á Internet Ordenador/-es		Realizada Aprazada Pendente

Área de mellora	E: Pedagoxía: Apoios e recursos	E5: Utilización de recursos educativos abertos	
7. OBXECTIVO (1):	E5: Usar recursos educativos abertos (REA)		Acada
RESPONSABLE:	Equipo TIC		Non acada
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de recursos educativos abertos compartidos na aula virtual		
Valor de partida (3)	0 recursos educativos abertos compartidos na aula virtual		
Valor previsto e data (4)	5 recursos educativos abertos compartidos na aula virtual	10 de xuño de 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS(8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ES-TADO
AO7.1: Solicitude e creación dun PFPP cunha liña para a busca de recursos educativos abertos en Internet.	Dirección.	30 de outubro de 2022	Solicitude Asesor/a CAFI/CFR		Reali Apra Penc
AO7.2: Busca e selección de recursos educativos abertos adaptados ao currículo de Educación Infantil e Educación Primaria	Persoa coordinadora e persoas integrantes do grupo de traballo	19 de abril de 2023	Actas de reunion Ordenadores con conexión áInternet		Reali Apra Penc
A07.3: Subida dos REA seleccionados á aula virtual do centro	Persoa coordinadora e persoas integrantes do grupo de traballo	10 de xuño de 2023	Aula virtual Recursos educativos abertos		Reali Apra Penc

			Memoria Final		

"Área/s de mellora": D "Desenvolvemento Profesional Continuo" – Tipoloxía de centro CEIP					
8. OBXECTIVO (1):	Deseñar proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TIC.				Acadado
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras dos equipos de ciclo.				Non aca-dado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.				
Valor de partida (3)	0 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.				
Valor previsto e data (4)	2 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.			19 de decembro de 2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10
AO8.1: Creación do grupo de deseño de proxectos in-terdisciplinares	Xefatura de estu-dos e persoas co-ordinadorasdo equipos de ciclo.	30 de setembro de 2022	Convocatoria Dispositivos Xefa de estudos		Realizada Aprazada Pendente
AO8.2: Elaboración dunha pro-posta de proxecto interdisci-plinar por equipo de ciclo.	Persoas coordina-dorasdos equipos de ciclo.	29 de novembro de 2022	Equipos informáticos. Persoas coordinadoras dos		Realizada Aprazada Pendente

			equiposde ciclo e profeso-rado dos mesmos.		
AO8.3: Posta en común das propostas e elección.	Persoas coordina-dorasdos equipos de ciclo.	5 de decembro de 2022	Creación de formulario en Abalar Box para dar a escoller ao claustro apreferencia dos proxectos deseñados. Persoa que coordinadora das TIC.		Realizada Aprazada Pendente
AO8.4 Dar a coñecer os 2 proxectos seleccionados atra-vés de email.	Persoas coordina-dorasdos equipos de ciclo.	19 de decembro 2022	Dispositivos. Correo corpora-tivo		Realizada Aprazada Pendente

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

a. **Específicos** (**S**pecific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
b. **Medibles (M**easurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
c. **Alcanzables** (**A**chievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
d. **Relevante** (**R**elevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
e. **Definidos** no tempo (**T**ime bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conexto da avaliación do Plan, se reflictirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflictir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4 Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao mes.Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5 Difusión do plan

Unha vez elaborado este plan será proposto para a súa aprobación ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar.

Unha vez aprobado será colgado na aula virtual para que toda a comunidade educativa o poida consultar.

Ademais informaremos ás familias da existencia de dito plan pola mensaxería Abalar do centro.